A obra comeza cunha votación e xa aí despréganse as primeiras discordancias. Con feroz lucidez, Calderón fai que se escoite o que non gusta oír, fai pensar sobre o que non gusta afrontar, porque se diría que hai cuestións superadas nas que todos deberíamos estar dacordo, pero non. Que facer coa villa? Que facer cun legado engoroso e triste que, porén, non podemos olvidar? Que facemos co recordo que doe? Que sentido ten o pasado para o presente?

Esta é unha moi boa oportunidade para coñecer o traballo de Guillermo Calderón, un dramaturgo, director, actor e guionista nacido en 1971 que se formou en Chile, California e Nova Iork e que escribiu e dirixiu montaxes como *Neva*, *Diciembre e Clase*, entre outras. Con Pablo Larraín firmou o guión de *El Conde*, unha sátira vampírica sobre o ditador Augusto Pinochet, grazas ao cal levaron un León de Ouro na última edición do Festival Internacional de Cine de Venecia.

Uno de los dramaturgos con mayor proyección internacional del Chile actual. Llega a la MIT por vez primera con una de sus piezas más exitosas: *Villa*. Tres mujeres debaten varias alternativas para dar un nuevo uso a Villa Grimaldi, un conocido centro de detención y tortura de la dictadura. La charla plantea el conflicto que genera, entre las asociaciones defensoras de la memoria de las víctimas, la manera de tratar los restos físicos del régimen militar. Esta misma obra se representó hace menos de un año, el 11 de septiembre, con motivo del cincuenta aniversario del golpe de Estado en Chile, dentro del Estadio Nacional de Santiago, uno de los centros de prisioneros más conocidos de la dictadura chilena.

La obra arranca con una votación y ya ahí se despliegan las primeras discordancias. Con feroz lucidez, Calderón hace escuchar lo que no gusta oír, hace pensar sobre lo que no gusta enfrentar, porque se diría que hay cuestiones superadas en las que todos deberíamos estar de acuerdo, pero no. ¿Qué hacer con la villa? ¿Qué hacer con un legado engoroso y triste que, sin embargo, no podemos olvidar? ¿Qué hacemos con el recuerdo que duele? ¿Qué sentido tiene el pasado para el presente?

Es una muy buena oportunidad para conocer el trabajo de Guillermo Calderón, un dramaturgo, director, actor y guionista nacido en 1971 que se ha formado en Chile, California y Nueva York y que ha escrito y dirigido montajes como *Neva*, *Diciembre y Clase*, entre otros. Con Pablo Larraín firmó el guión de *El Conde*, una sátira vampírica sobre el dictador Augusto Pinochet, gracias al cual se llevaron un León de Oro en la última edición del Festival Internacional de Cine de Venecia.



MÉR
24
23H00

Auditorio Rubén
García do Castelo

Todos os públicos

Teatro

Castelán

70 min

Cigani' 100%

Antón Coucheiro

· Galicia ·

*Clown *Migracións *Diversidade *Música

*Clown *Migrations *Diversity *Music

· Reestrea e revisión dun espectáculo de repertorio.

· Música en directo

ficha técnica

Autoría e dirección: Antón Coucheiro

Intérpretes: Antón Coucheiro, Nico Portas e Raúl Andrade

Arranxos e espazo sonoro: Nico Portas

Asistencia dramaturxica: Marcos PTT Carballido

Vestuario: Nemesio Álvarez

Escenografía: Jose Perozo

Fotografía: Yoshimura Ramón

Vídeo: Tamboura Films

Páxina web: Molotov

Web: coucheiro.es



Cigani'



sinopse

Tres inmigrantes balcánicos chegan á cidade. Veñen sen papeis, infrinxindo as leis, alterando a orde pública, transgredindo as normas, uns auténticos furacáns na rúa. Cigàni é o irmán maior, non ten medo a nada, ven coa súa minimoto disposto a poñer a súa vida en perigo a cambio dun sorriso... e uns euros. Os seus irmáns tocan a tuba e a trompeta. Conseguirán facer chorar de risa e de emoción a todos porque... Quen non quere encaixar? Quen non ten dentro un cativo con gana de xogar? Quen non quere atopar o seu lugar no mundo máis alá de calquera fronteira?

Cigàni 100% é un espectáculo inspirado nas personaxes e na estética dos filmes de Emir Kusturika. O clown, a música en directo, o circo, o happening e a participación directa do público fan que cada función sexa diferente. Descarados, delincuentes, gamberros, encantadores, xeniais. Chegan de Macedonia, un é de Plátano, outro de Fresa e outro de Melocotón, son os irmáns Cigàni!!!

Despois de centos de funcións, unha ducia de países, e milleiros de espectadores, Cigàni regresa acompañado polos seus irmáns pequenos (tuba e trompeta), cun pouso máis maduro, pero igual de provocador e divertido. Este clown alter ego de Antón Coucheiro, volve para repasar con mordacidade o momento da actualidade política: o auxe da ultradereita, as crises migratorias, o peche de fronteiras na UE, a guerra en Ucraína, o racismo, o #metoo, o #blacklivesmatter, a cultura da cancelación... Cigàni regresa ás rúas para poñernos diante un espello no que mirarnos, de maneira tan cómica como irreverente.

Tres inmigrantes balcánicos llegan a la ciudad. Vienen sin papeles, infringiendo las leyes, alterando el orden público, transgrediendo las normas, unos auténticos huracanes en la calle. Cigàni es el hermano mayor, no tiene miedo a nada, viene con su minimoto dispuesto a poner su vida en peligro a cambio de una sonrisa...

Cigàni 100% es un espectáculo inspirado en los personajes y en la estética de las películas de Emir Kusturika. El clown, la música en directo, el circo, el happening y la participación directa del público hacen que cada función sea diferente.

Tras cientos de funciones, una docena de países y miles de espectadores, Cigàni regresa acompañado por sus hermanos pequeños (tuba y trompeta), esta vez más maduro, pero igual de provocador y divertido. Este clown alter ego de Antón Coucheiro, vuelve para repasar con mordacidad el momento de la actualidad política: el auge de la ultraderecha, las crisis migratorias, el cierre de fronteras en la UE, la guerra en Ucrania, el racismo, el #metoo, el #blacklivesmatter, la cultura de la cancelación... Cigàni regresa a las calles para ponernos delante un espejo en el que mirarnos, de manera tan cómica como irreverente.



XOV

25

20H00

**SputMIT
Sampaio**

Todos os públicos

*Comedia, música
happening e circo*

Galego

60 min

En mitad de tanto fuego

Miramedia e Festival GREC

· Madrid - Cataluña ·

*Clásicos gregos *Amor *Guerra *Violencia

*Greek classics *Love *War *Violence

ficha técnica

Autoría: Alberto Conejero

Dirección: Xavier Albertí

Axudante de dirección: Adrián Novella

Interpretación / elenco: Rubén de Eguía

Diseño de iluminación: Xavier Albertí e Toni Ubach

Fotografías de escena: David Ruano

Fotografías do cartel: María La Cartelera

Comunicación: Lemon Press

Web: miramedia productions

En mitad de tanto fuego





sinopse

Desexo, guerra, deserción, poder, violencia, patria... Alberto Conejero comparte co público a beleza, o misterio e a escuridade dun poema épico a través do cal dialoga coa condición humana e enlaza épocas diversas. Combina voces do pasado e do presente. Faino a partir do personaxe de Patroclo, compañeiro de armas de Aquiles. Unha montaxe que nos acerca a unha obra fundamental da literatura clásica grega, “A Iliada”.

Intérprete, dramaturgo e director. Tres grandes talentos presentan un espectáculo que é tanto unha canción de guerra como un oratorio polas vítimas, un poema escuro no cal se fala da violencia do campo de batalla, pero tamén da violencia do desexo. Porque a Iliada empeza coas desercións de dous homes que se aman e que abandonan o campo de batalla dez anos despois de que a guerra empezase. Seguimos falando da guerra de Troia porque aínda segue ardendo.

Deseo, guerra, deserción, poder, violencia, patria... Alberto Conejero comparte con el público la belleza, el misterio y la oscuridad de un poema épico a través del cual dialoga con la condición humana y enlaza épocas diversas. Combina voces del pasado y del presente. Lo hace a partir del personaje de Patroclo, compañero de armas de Aquiles. Un montaje que nos acerca a una obra fundamental de la literatura clásica griega, “La Iliada”.

Intérprete, dramaturgo y director. Tres grandes talentos presentan un espectáculo que es tanto una canción de guerra como un oratorio por las víctimas, un poema oscuro en el cual se habla de la violencia del campo de batalla, pero también de la violencia del deseo. Porque la Iliada empieza con las deserciones de dos hombres que se aman y que abandonan el campo de batalla diez años después de que la guerra haya empezado. Seguimos hablando de la guerra de Troya porque todavía sigue ardiendo.

· Candidato Premios Max 2024 – Mellor Interpretación masculina



XOV
25
23H00


Auditorio Rubén
García do Castelo

Adulto

Teatro

Castelán

75 min



Mute

Orian-Bi

· Euskadi ·

*Cambio *Sorpresa *Acrobacia *Emoción
*Change *Surprise *Acrobatics *Emotional

ficha técnica

Dramaturxia: Coral Graciani

Dirección Artística: Coral Graciani e Kike Aguilera

Dirección de técnicas circenses: Kike Aguilera

Interpretación / elenco: Rodrigo Lacasa e Sara Álvarez

Acompañamiento: Artaide

Escenografía e atrezzo: Iñaki Ziarrusta (ATX teatroa)

Vestuario: Eva Urkiza e Yolanda Urkiza

Diseño de son e técnico da compañía: Rodrigo Lacasa

Montes (RLM audiovisuales y eventos)

Fotografía e vídeo: Jone Novo (Bufalo produkzioiak)

Arranxos sonoros: Adrián Jiménez

Diseño gráfico: Shakti Olaizola

Diseño web: Rodrigo Lacasa Montes (RLM web

designer)

Web: orainbizirkoteatro.com

Mute



sinopse

Terceira persoa do singular do imperativo do verbo MUTAR: cambiar o aspecto, a natureza, o estado, etc., dunha persoa, un animal ou unha cousa.

“... e un día o pasado volveu ás nosas vidas e fíxonos reencontrarnos con todo aquilo que sentimos noso. Volvemos vernos no noso teatro, todo cuberto polo pó que delataba o paso dos anos, e mentres revivíamos os nosos números de circo transformados a esta nova vida, produciuse a maxia de sentir que nós mutabamos ao unísono!”

A mutación é unha constante. Que non só muten os bichos. Mutemos as estruturas e tamén nós, as persoas, para seguir avanzando, para chegar máis lonxe, máis alto: o máis difícil aínda!!

Tercera persona del singular del imperativo del verbo MUTAR: Cambiar el aspecto, la naturaleza, el estado etc. de una persona, un animal o una cosa.

“...y un día el pasado volvió a nuestras vidas y nos hizo reencontrarnos con todo aquello que sentimos nuestro. Volvimos a vernos en nuestro teatro, todo cubierto por el polvo que delataba el paso de los años, y mientras revivíamos nuestros números de circo transformados a esta nueva vida, se produjo la magia de sentir que nosotros mutábamos al unísono!!!”

La mutación es una constante. Que no solo muten los bichos. Mutemos las estructuras y también nosotras, las personas, para seguir avanzando, para llegar más lejos, más alto; el más difícil todavía!!!



VEN

26

21H00

SputMIT
San Cristovo

Todos os públicos

Teatro - circo

50 min

· Premio Mellor espectáculo de Euskadi Umore Azoka-Leioa 2022



Nada se sabe

Nada se sabe

CDG-Centro Dramático Galego e
Culturactiva

· Galicia ·

*Diversidade *Dúbida *Clásicos *Actual

*Diversity *Doubt *Classics *Topical

ficha técnica

Texto orixinal: Manuel Lourenzo

Adaptación: Jac O` Frannual partir de textos do elenco,
Ignacio García, Fran Rei e Francisco Sánchez

Dirección: Ignacio García e Fran Rei

Elenco: Rubén Bargiela Sierpes, Corina Alfonso Maña,
Elvis García Torres, Alba Chao García

Escenografía : CDG e José Manuel Faro González (Coti)

Vestuario e atrezzo: La Canalla

Iluminación: José Manuel Faro González (Coti)

Asesoramento lingüístico: Rosa Moledo

Producción: Fran Rei e Félix Rodríguez

Web: centrodramatico.xunta.gal

· Estrea. 40 aniversario do Centro Dramático Galego

sinopse

Nin isto sequera sei, que nada sei; conxectúroo, porén, de min e dos demais. Sexa esta proposición a miña bandeira; esta débese seguir: Nada se Sabe.

Con esas palabras dubitativas e dialécticas comeza a obra *Quod nihil scitur* (Que Nada se Sabe) do tudense Francisco Sánchez “o escéptico” (Tui, 1550 – Toulouse, 1623), recoñecida como un antecedente da dúbida metódica cartesiana e do cuestionamiento sistemático do mundo como medio de aproximación á realidade sen prexuízos. Dubidar é un pensamento revolucionario nunha sociedade de certezas impostas como a nosa.


E a partir desta introdución, dúas actrices e dous actores repasan diversas versións da discapacidade no teatro clásico, deténdose nunha adaptación moderna e sinxela, composta por Manuel Lourenzo, de *Filoctetes*, unha das traxedias gregas de Sófocles, partindo da idea da diferenza, o/a discriminado/a, o/a diferente, que a sociedade non sabe (ou non desexa) incluír. Desde o seu propio punto de vista, resignifican eses textos desde esa diversidade, advertindo ao público e á sociedade de que Nada se Sabe sobre o que as persoas con discapacidade son, pensan, senten, queren, e da posición que desexan ocupar na vida, na sociedade e na arte.

Conta a mitoloxía que Filoctetes, un dos heroes gregos que formaban parte da expedición a Troia, foi ferido nun pé pola mordedura dunha serpe. Cóntase que a súa ferida infectada envelenaba o aire e os seus desgarradores berros de dor atormentaban aos seus compañeiros, de tal xeito que o heroe foi cruelmente abandonado á súa sorte na illa Lemnos. Dez anos despois, sabedores os caudillos gregos que, tal como establecía unha vella profecía, non se podía conquistar Troia sen a axuda do arco de Filoctetes, herdado de Hércules, deciden recuperalo volvendo á illa onde o heroe da traxedia foi abandonado.

Aquí comeza esta aventura, tramo central do noso espectáculo, unha obra de intriga, un clamor pola xustiza. Filoctetes é o excluído, o apestado, o abandonado, o enfermo, o raro, o estranxeiro, tratado cunha crueldade inmisericorde; a escusa perfecta para que o elenco se escriba e se invente por si mesmos/as, sen tutelas.

Dudar es un pensamento revolucionario en una sociedad de certezas impuestas como la nuestra. Y a partir de esta introducción, dos actrices y dos actores repasan diversas versiones de la discapacidad en el teatro clásico, deteniéndose en una adaptación moderna y sencilla, compuesta por Manuel Lourenzo, de *Filoctetes*, una de las tragedias griegas de Sófocles, a partir de la idea de diferencia, el discriminado, el diferente, que la sociedad no sabe (o no desea) incluir. Desde su propio punto de vista, resignifican esos textos desde esa diversidad, advirtiendo al público y a la sociedad que Nada se sabe de lo que las personas con discapacidad son, piensan, sienten, quieren y de la posición que desean ocupar en la vida, la sociedad y el arte.

La mitología cuenta que Filoctetes, uno de los héroes griegos que formaron parte de la expedición a Troya, fue herido en el pie por la mordedura de una serpiente. Se dice que su herida infectada envenenó el aire y sus desgarradores gritos de dolor atormentaron a los suyos, de modo que el héroe fue cruelmente abandonado a su suerte en la isla de Lemnos. Diez años más tarde, los dirigentes griegos sabedores que, como se había establecido una antigua profecía, Troya no podría ser conquistada sin la ayuda del arco de Filoctetes, heredado de Hércules, deciden recuperarlo regresando a la isla donde fue abandonado el héroe de la tragedia.



VEN
26
23H00

Auditorio Rubén
García do Castelo

Todos os públicos

Teatro

Galego

70 min

Cancións amarelas, flores tristes

Manekineko e MIT Ribadavia

· Galicia ·

*Karaoke *Noite *Encontros *Refuxio
*Karaoke *Night *Encounters *Refuge

ficha técnica

Autoría: Ernesto Is

Dirección: Nerea Brey

Interpretación / elenco: María Costas, María de las
Llanderas e Fran Nogueira

Iluminación e espazo escénico: Beatriz de Vega

Vestuario: Javier Lojo

Espazo sonoro: Nerea Brey e Ernesto Is



Cancións amarelas, flores tristes





sinopse

Catro persoas de idades, xéneros, crenzas e realidades socioeconómicas moi diferentes, coinciden sempre no mesmo karaoke. Madrugada tras madrugada, as cancións e o alcohol mestúranse cos medos e cos problemas que os levan a refuxiarse neste lugar, onde constrúen os seus propios paraísos artificiais. Nestas noites de festa hai música, pero tamén silencio; miradas cómplices e mal intencionadas; luces de cores que iluminan o escenario e sombras trala porta do baño; copas eschachadas contra o chan e brindes até o amencer; corpos suorentos, tristes e cansos que procuran outros corpos igual de suorentos, tristes e cansos; tarxetas de crédito co saldo esgotado; maquillaxe e perfumes baratos; bágoas que mollan as flores de plástico coas que se decoran as mesas; frustracións, temores... Pero, sobre todo, anhelos.

Cuatro personas de edades, géneros, creencias y realidades socioeconómicas diferentes, coinciden en un karaoke. A lo largo de la madrugada, las canciones y el alcohol se mezclan con los miedos y con los problemas que las llevan a refugiarse en este lugar, donde se construyen sus propios paraísos artificiales. Esta noche hay música, pero también silencio; miradas cómplices y mal intencionadas; luces de colores que iluminan el escenario y sombras detrás de la puerta del baño; copas rotas contra el suelo y brindis hasta el amanecer; cuerpos sudorosos, tristes y cansados que buscan otros cuerpos igual de sudorosos, tristes y cansados; tarjetas de crédito con el saldo agotado; maquillaje y perfumes baratos; lágrimas que mojan las flores de plástico con las que se decoran las mesas; frustraciones, temores... Pero, sobre todo, anhelos.

- Proxecto realizado no marco do Centro de Recursos Escénicos do Principado de Asturias.
- Texto escrito no programa Antzerkigintza Berriak 2020 de novas dramaturxias de Euskadi.
- Co agradecemento ao Club Artístico.



VEN
26
01H00

Club
Artístico

Adulto

Teatro

Galego

90 min



Mover montañas

Alberto Velasco e Festival TAC de Valladolid

· Madrid - Castela León ·

*Folclore *Comunidade *Identidade *Diversidade

*Folklore *Community *Identity *Diversity

ficha técnica

Creación e Interpretación: Alberto Velasco

Música: Mariano Marín

Artistas invitados na coreografía: Manuel Liñán, Osa +

Mujika, Galina Rodríguez e Mario Medieres

Vestuario: Sara Sánchez de la Morena

Asistente de dirección: María Pizarro

Traxe de cola: José Galván

Percusión: Pablo Martín Jones

Fotografía: Dominik Valvo

Dirección de producción: Elena Martínez

Deseño: Laura Velasco

Cartel: Pablo the Cuadro

Mover montañas





sinopse

Son a vibración soterrada dun folclore que atravesa a nosa identidade mestiza. Non permito que a miña ideoloxía cuestione nada. Sons milenarios e sons que aínda están por escoitar. Non entendo a transmisión da tradición sen evolución. Este non é un traballo de arqueoloxía nin un rescate museístico de tradicións, é unha canción libre, gozosa e bela do que a tradición significa en min. Por iso vou mover as montañas. Por iso vou danzar.

Temos que falar sobre a necesidade de devolver aos pobos a danza, as lendas e as cancións máis alá do rexistro e a museística, di Alberto Velasco. Un manifesto vivo da necesidade do rito como salvamento a unha sociedade que escora. Unha chamada á consciencia colectiva que sen saber moi ben por que emociónase con determinados sons, melodías, danzas e rituais. Unha invocación á emoción primeira do que hoxe chamamos folclore.

Soy la vibración soterrada de un folclore que atraviesa nuestra identidad mestiza. No dejo que mi ideología cuestione nada. Sonidos milenarios y sonidos que aún están por escuchar. No entiendo la transmisión de la tradición sin evolución. Este no es un trabajo de arqueología ni un rescate museístico de tradiciones, es una canción libre, gozosa y bella de lo que la tradición significa en mí. Por eso voy a mover las montañas. Por eso voy a danzar.

Tenemos que hablar sobre la necesidad de devolver a los pueblos la danza, las leyendas y las canciones mas allá del registro y la museística, dice Alberto Velasco. Un manifesto vivo de la necesidad del rito como salvamento a una sociedad que hace aguas. Un llamado a la conciencia colectiva que sin saber muy bien porqué se emociona con determinados sonidos, melodías, danzas y rituales. Una invocación a la emoción primera de lo que hoy llamamos folclore.



SÁB

27

21H00

Ruadavia
(Praza Buxán
Igrexa da Madalena)

Todos os públicos

Teatro - danza

Galego e castelán

35 min

- Unha produción de Festival Internacional TAC de Valladolid 2024 e Danseu Festival 2024.
- Representación que conta co apoio da Academia de las Artes Escénicas de España.

Tribarne

ButacaZero, CDN-Centro Dramático Nacional e MIT Ribadavia

· Galicia ·

*Memoria *Sátira *Galicia *Política
*Memory *Satire *Galicia *Politic

ficha técnica

Autoría: Esther Carrodegas

Dirección: Xavier Castiñeira

Música e espazo sonoro: Berto

Interpretación / elenco: Xurxo Cortázar, Jorge de Arcos, Esther F. Carrodegas, Mónica García, Anxo Outumuro e Lidia Veiga

Espazo escénico: Xavier Castiñeira e Diego Valeiras

Iluminación: Diego Vilar (equipo creativo RTA)

Vestuario: Diego Valeiras

Audiovisuais: Pablo Fontenla

Editor FX: Antón Miranda

Coreografía e axudante de dirección: Sabela Domínguez

Segundo axudante de dirección: Antonio C. Guijosa

Producción: Esther Carrodegas e Juancho Gianzo

Asistencia técnica: RTA

Entrevistas: Inma López Silva e Pablo Fontenla

Imaxes de arquivo: RTVE

Fotografía: Geraldine Leloutre

Trailer: Bárbara Sánchez Palomero

Web: butacazero.com



Tribarne



sinopse

IRIBARNE é un tipo nado na mesmísima vila de Rouco Varela (sí: o cardeal) durante a Monarquía de Alfonso XIII (o primeiro promotor do cine porno en España?, si-sí: ese). Emigrado a Cuba con tan só un añiño -coincidindo coa inauguración da ditadura de Primo de Rivera- tras facer as Américas durante un par de anos o noso protagonista volve triunfante para ser o fillo do alcalde (e o da francesa!). Empeza o bacharel coa entrada da II República, case-case se fai cura durante a Guerra Civil pero decide liscar a Madrid -segundo o rastro doutro galego ilustre- nada máis inaugurada a Era do Devandito (sí, claro: O Caudillísimo). Con tanto afán tentou ser como o que máis pronto que tarde chegou a ser Ministro no seu mandato, a pesar de ter disparado dous días antes contra o cu da súa filla (pero que dis!? Si-sí: dato real!). Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír ao Caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Tivo que conformarse co cargo de Vicerrei na súa querida Terra Galega.

IRIBARNE é unha investigación escénica sobre unha desas figuras absolutamente imprescindibles do noso pasado recente. Un intento (irreverente) por comprender como chegamos até aquí da man dun político que, nas súas propias palabras, dicía as verdades sen condón. Pero ollo: por máis que o poida parecer, isto NON é un biopic sobre Manuel Fraga. Teríanos encantado facelo... pero non collía nunha soa obra!

Iribarne es un tipo nacido en el mismísimo pueblo de Rouco Varela (sí: el cardenal) durante la Monarquía de Alfonso XIII (¿El primer promotor del cine porno en España? Sí-sí: ese). Emigrado a Cuba con tan solo un añiño, coincidiendo con la inauguración de la dictadura de Primo de Rivera, tras hacer las Américas durante un par de años, nuestro protagonista vuelve triunfante para ser el hijo del alcalde (y el de la francesa!). Empieza el Bachiller con la entrada de la II República, casi-casi se hace cura durante la Guerra Civil pero decide pirarse a Madrid siguiendo el rastro de otro gallego ilustre nada más inaugurada la Era del Susodicho (sí, claro: El Caudillísimo). Con tanto ahínco intentó ser como él que más pronto que tarde llegó a ser su Ministro, a pesar de haber disparado dos días antes contra el culo de su hija (¿¡pero qué dices!? Sí-sí: ¡dato real!). Habiendo sido el primer y mejor opositor de España, quiso sustituir al Caudillo cuando este murió. No pudo ser: no iba por oposición. Tuvo que conformarse con el cargo de Virrey en su querida Terra Galega.

IRIBARNE es un intento (irreverente) por comprender cómo hemos llegado hasta aquí caminando de la mano de uno de esos personajes secundarios pero increíblemente imprescindibles de la Hermosísima Historia de Esta España Mía (Esta España Nuestra). De esta España Viva, de Esta España Muerta. Pero cuidado: por más que lo pueda parecer, esto NO es un biopic sobre Manuel Fraga. Nos hubiese encantado hacerlo, ¡pero es que no cabía en una sola obra!

· Texto escrito no marco do programa Cruces de Camiño Escena Norte, da Residencia Mariñán da Deputación da Coruña e da Residencia de escritura da Sala Beckett de Barcelona 2023 e en residencia na MIT 2023.



SÁB
27
23H00

Auditorio Rubén
García do Castelo

Todos os públicos

Teatro

Galego

*180 min con
descanso*



actividades *paralelas*

6ª edición das Residencias Paraíso na MIT

Do 8 ao 20 de xullo
Igrexa da Madalena

Presentación pública: 21 de xullo na Igrexa da Madalena, 20h30

O programa Residencias Paraíso de Colectivo RPM, en colaboración coa MIT de Ribadavia, acollerá este ano o proxecto MIRACLE WORKER, do Colectivo Desgarradura.

The miracle worker nace da necesidade dos membros da compañía de conectar cos seus lugares de orixe. Recordar, reimaxinar, reescribir, revivir... só ten sentido se volvemos a onde todo comezou. Despois de saír da terra e formarse e madurar como artistas fóra dela, lonxe das súas familias e raíces. The miracle worker busca crear xuntos coa idea de estar en escena, de activar co corpo este dispositivo milagroso que permite recordar, revivir e continuar vivindo. Busca armar un dispositivo escénico capaz de seguir obrando o milagre, traballando os conceptos de fogar, familia, recordo, perdón, reinterpretación, representación, culpa e milagre dende unha perspectiva física. Contrastando o traballo co vídeo en directo en espazos non convencionais.

The miracle worker é un proxecto de creación da compañía madrileña Desgarradura que nace da necesidade de conectar co lugar de orixe, despois de saír da terra e formarse e madurar fóra dela, lonxe das súas familias e raíces, coa intención de construír un dispositivo escénico capaz de imaxinar o milagre do reencontro.

Lucas Ares (actor, bailarín e creador escénico) e Víctor Longás (escenógrafo, artista plástico e creador escénico) coñécense no contexto da Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid en 2017 e comezan a traballar xuntando as súas visións afíns sobre a escena en diferentes proxectos.

Desde 2021, baixo o nome de Desgarradura, estrearon varias pezas de creación propia como Díptico de Verónica, no Teatro de La

Abadía, no marco de Domingos de Insurrección, festival de creación contemporánea en espazos non convencionais e que puido verse noutros espazos como o Contenedor Cultural da UMA; ou Criadas no Teatro Galileo - Quique San Francisco, dentro do segundo festival Sala Joven, que puido verse ademais no Salón Teatro do Centro Dramático Gallego.

O traballo que realizan en Desgarradura sitúase no espazo de converxencia entre as artes plásticas e as linguaxes propias das escénicas, un espazo cheo de tensións onde entender e expandir o acto escénico en si. Exploran o cruzamento entre corpo, obxecto, movemento, palabra e imaxe con especial interese nas súas afeccións corporais, en proxectos escénicos, plásticos e de investigación desde o performativo e as iconas da cultura popular. Colocan no centro da súa práctica o uso de vídeo en directo como elemento narrativo fundamental das pezas, experimentando coa imaxe e os modos de xerar presenzas en escena.



Escola do espectador e Foros da MIT

Os foros da MIT son encontros nun espazo agradable, os debates, o diálogo entre artistas e persoas espectadoras congregadas para viaxar máis alá do espectáculo. É verán, vai calor, a MIT reúnenos e a noite é alegre e longa. Gústanos estar, ficar e expandir a experiencia do encontro da escena excepcional, máis alá do Castelo e dos demais espazos de representación.

Despois das funcións do Castelo haberá distintos formatos de encontros e coloquios.



Presentación do documental “Abrente, do ermo á rebeldía”, de Xan Leira

Duración: 57 minutos

Día 27 de xullo, 19h00

Lugar: Auditorio Manuel María da Casa da Cultura

Sinopse: A Asociación Cultural Abrente (Ribadavia 1969-1983) ten a súa orixe na rebeldía e enfrontamento dunha parte do pobo de Ribadavia contra o traslado fulminante de tres curas “progresistas”, imposto polo bispo Temiño, de Ourense.

A mocidade, orfa da presenza e orientación dos tres curas, reaxiu e canalizou a rebeldía na militancia social e cultural en beneficio do seu pobo e do conxunto de Galicia, a partir da promoción e defensa da cultura e lingua propia. Abrente, na súa curta traxectoria asociativa, expresou unha firme convicción pola promoción do teatro en galego: 8 mostras con 108 representacións e igual número de certames de textos teatrais coa participación de 150 pezas dramáticas, amosan só unha parte do inmenso legado material e inmaterial que consagran á Asociación Cultural Abrente de Ribadavia como un referente ineludible na historia do Teatro Galego.



19º Premio Abrente

A MIT convoca unha nova edición do Premio de Textos Teatrais que leva o nome da Asociación que alentou a dramaturxia e o teatro en galego despois do franquismo e axudou á súa recuperación e dignificación. A resolución do Xurado darase a coñecer o día 27 de xullo, na clausura da MIT, coincidindo coa resolución do PREMIO DO PÚBLICO ao mellor espectáculo da MIT 2024.

Xurado de 2023:

Rubén Porto, actor.

Nerea Brey, actriz e dramaturga - Premio Abrente 2023.

Marcos Alonso, actor e codirector da Sala Ártika.

Presentacións de libros. Mini mercado teatral

Día: sábado 27 de xullo ás 13h

Lugar: Igrexa da Madalena

A MIT convidate a un viño e a coñeceres novidades de edición teatral.

Unha das presentacións destacadas será a do libro *Manual de patronaxe*, Premio Abrente da edición anterior, opera prima de Nerea Brey, que a acta do xurado cualificaba como unha mestura de temas universais como a perda e a busca da identidade, o amor e os xogos ou tarefas da costura, que lle serven para enlazar este oficio co universo da escrita. A autora amosa a capacidade para elaborar unha obra aparentemente sinxela pero con potencia para emocionar, grazas ás capas de verdade e honestidade coas que se manexa para a recepción co público actual.

Curso con Alberto Velasco. En colaboración coa Aaag

Días 26 e 27 de xullo

Baixo o título Non ves que estou a arder?, este curso –organizado en colaboración coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia– procura fortalecer o desenvolvemento e máis a creación de dramaturxias textuais, físicas e poéticas para a escena. As normas que rexerán este taller para facer del un lugar seguro serán a conciencia de beleza, o non xuízo, a ruptura do tempo e o goce.

Alberto Velasco é un nome destacado da escena española. Como actor, participou en multitude de obras, entre as que podemos destacar *Los Nadadores diurnos*, pola que foi premiado pola Unión de Actores como mellor actor de reparto de teatro 2023. Como director de escena, creou e dirixiu pezas como *Vaca!*, *La inopia*, *Escenas de caza*, *Danzad Malditos*, que recibiu o Premio Max á mellor montaxe revelación 2015, ou *Sweet Dreams*, que levou o premio Godoff á mellor montaxe e o premio mellor actor protagonista de teatro da Unión de Actores.



Exposición MO(VE)MENTOS

Do 23 ao 27 de xullo
Igrexa da Madelena

Esta exposición é unha selección de instantáneas de gran formato, que amosan momentos de especial conexión entre o corpo en movemento e a paisaxe circundante de A Casa Vella.

Pequenas revelacións nas que se confirma a intuición: que o movemento pon en común os corpos, os ecosistemas e a arquitectura, e que somos parte da mesma paisaxe.

Durante varios anos, Rubén Vilanova recolleu centos de fotografías que documentan o paso das artistas residentes; un valioso arquivo de indudable valor estético.


Pero entre todas elas hai imaxes-revelación que capturan relacións poéticas entre o corpo, a natureza e o patrimonio, as cales propoñen novas leituras do noso territorio e abren novas sensibilidades.

A CASA VELLA

O proxecto de A Casa Vella, ubicado na aldea de Amiadoso, Allariz, en plena Reserva da Biosfera, concíbese como unha Casa de Creación artística capitaneado polo artista visual Rubén Vilanova e a bailarina e coreógrafa Nuria Sotelo.

Abre as súas portas no 2021, proxéctandose como un espazo de referencia a nivel de creación artística, innovación social e pensamento en diálogo co territorio. Dando un pulo ao tecido cultural e ao contexto rural cara novos paradigmas que nos achegan a modelos europeos vangardistas e sustentables que

asocian cultura, natureza, benestar social, desenvolvemento rural e exce



Curso con Peta Lily. Clown.

Lugar: Auditorio “Manuel María” da Casa da Cultura

Datas: Nivel 1 (22 e 23 de xullo) Nivel 2 (24 e 25 de xullo)

Horario: de 11 a 14:00h. e de 16:00h a 19:00h

Nº de participantes: máximo 16

Solicitudes: <https://www.escolagalegadedclowns.com/cursos/>

Escola Galega de Clowns

Dark Clown sempre se ensina en primeira instancia no Curso de Clown & Dark Clown. Isto débese a que unha das características distintivas do Dark Clown é ‘Risa problemática’ e para crear iso, necesitamos entender como funciona a risa en si. Os participantes obteñen a posibilidade de crear, crecer e manexar a risa de maneira máis fiable coa arte da comedia que se ensina no modo Rede Nose Clown (xunto coa apertura, a conciencia da audiencia, a liberación no xogo e as regras de xogo útiles). Con todo isto no seu lugar, podemos pasar aos pasos que proporcionan as habilidades e consciencias adicionais para o traballo do Pallaso Escuro.

O traballo de Rede Nose Clown tamén nos permite como grupo xogar e unirnos antes de dirixirnos ao Lado Escuro. Rede Nose Clown tamén se volve de momento en momento para :

- a) proporcionar unha limpeza de enerxía
- b) para lembrar a todos o xogo: estamos a xogar (aínda que nun modo máis escuro)

Peta Lily é unha galardoada intérprete, creadora teatral e directora de talleres. Levou a cabo 35 anos de investigación práctica para desenvolver un enfoque único dun novo xénero de traballo de clown chamado Dark Clown. É profesora na Royal Central School of Speech and Drama e foi durante sete anos Presidenta de Audicións da escola. Tamén ensina na Real Academia de Arte Dramática. Aos seus talleres abertos en Londres asiste un amplo abanico de actores, directores

e artistas escénicos (tamén asisten terapeutas, deseñadores, improvisadores, pallasos consagrados, pallasos médicos e cómicos). O seu relatorio The Comedy of Terrors - Dark Clown & Enforced Performance foi presentada na Bath Spa University e o seu traballo Dark Clown cítase en Clown (Readings in Theatre Practice) de Jon Davison - Palgrave MacMillan 2013. O galardoado cineasta Robert Golden realizou un documental de 26 minutos sobre a viaxe dos participantes no taller Clown & Dark Clown: Levando a risa ao límite.

O curso impártese en inglés.

Haberá traductor.

Para poder facer o nivel avanzado, será necesario ter feito o nivel 1



Acta do Premio de Honra “Roberto Vidal Bolaño” 2024 concedido pola MIT Ribadavia ao mérito nas artes escénicas a Nova Galega de Danza

Nova Galega de Danza é unha compañía referente e pioneira nas nosas Artes Escénicas. Este ano 2024, no marco da 40ª edición da MIT, facemos entrega do Premio de Honra, por vez primeira na historia do festival, a un colectivo de danza.

A compañía chega a este recoñecemento en Ribadavia tamén co aval do dobre Premio do Público da MIT en 2017 e en 2020. Fundada na cidade da Coruña en 2003, o grupo dirixido polo tamén bailarín Jaime Pablo Díaz, quixo emprender un camiño de fusión e investigación nas raíces e elementos da danza tradicional galega. Comezou por aquel entón un fenómeno de popularización do que poderíamos considerar neofolk galego, que hoxe tantos froitos e interese suscita na sociedade e nos colectivos artísticos, tamén do ámbito musical. Esta compañía sempre tivo claro que a mestura de tradición e vangarda, de cultura galega popular e outras culturas tradicionais doutros contextos coma o flamenco ou a danza contemporánea, podían atoparse e poñerse ao servizo dunha creación que puidese conquistar unha ampla audiencia arredor do mundo da danza, tanto en teatros coma en espazos abertos e non convencionais.

Recoñecer a NGD significa tamén recoñecer o seu compromiso e defensa do baile tradicional galego na súa esencia e na súa capacidade para inspirar novos mundos, tamén como candidato a ser declarado Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade pola UNESCO. Mentres tanto, con esa convicción, a compañía explora neste ámbito para chegar a novos territorios, en moitos deles cunha gran comunidade galega na emigración. Desde Colombia ata Portugal, de Madrid a Beijing, os espectáculos do repertorio desta compañía galega foron recibindo relevantes galardóns coma

os Premios Max, o Premio da Crítica de Galicia, Premio da Cultura Galega ou a Insignia de Ouro do Concello de Ferrol, entre outros.

A capacidade para unir e conectar diferentes xeracións, para facer da danza un fenómeno social, estimulante e de interese amplo, o carácter pioneiro que permitiu abrir paso a novas compañías galegas de danza fusión ou axudar a visibilizar a outros moitos colectivos que traballan no ámbito puramente tradicional, así como a capacidade para emprender novos rumbos baseados na creación a partir da memoria local, son aspectos que se suman ós moitos méritos deste premio. Con motivo do seu novo paso adiante a partir da celebración do 20 aniversario, NGD chama a un novo equipo artístico para que poida seguir renovando a linguaxe compositiva da compañía, cun grupo de mulleres creadoras, nunha aposta feminista pola revisión da historia dende o prisma das traballadoras do Dique da Campana do Arsenal ferrolán. Tradición, memoria, compromiso e innovación.







Merchandising da MIT

Volven as ofertas de merchandising desta MIT, que se suman ás tradicionais camisolas deseñadas por **A&B Comunicación e Deseño**.

A cada vez máis coñecida marca **Brétemas**, coas súas divertidas e reivindicativas mensaxes, tráenos de novo os calcetíns. quen non vai querer ter uns calcetíns edición especial MIT? Deseño made in Ribadavia, 100% ecolóxico. Creatividade de alto nivel grazas á man de Rosiña Rojo, a fotógrafa oficial (e xenial) da MIT. Drama ou comedia? Ou os dous? Para que escoller?

FOCO EUROPA NA MIT. Investigación sobre cal é a relación da mocidade coa MIT e co teatro.

Actividade de mediación e investigación en dous pasos:

O primeiro, durante os primeiros días da MIT, un equipo de 3/4 persoas entrevistarán a persoas mozas que acudan ao festival, gravando o audio destas entrevistas.

O segundo paso será unha presentación desta pequena investigación usando a técnica do “headphone verbatim”. Isto é que persoas do equipo de Foco Europa (Asociación para a Formación e a Cooperación en Europa) reproduzan estas entrevistas en directo mentres as escoitan con auriculares para trasmitilas tal cal foron emitidas en primeiro lugar (exactamente as mesmas palabras, pausas, inflexións, dúbidas...).

O resultado do proceso presentárase ao público o día 23 de xullo.



Dirección Artística: Roberto Pascual

Coordinación da billeteira e persoal voluntario:

Bea Domínguez Cendón

Responsable de contratación e servizo de venda de entradas:

Fran Muñiz Ferro

Responsable do servizo de prensa: Tere Rivela

Producción e deseño: Ainhoa Viñuela e Blanca Selas (A&B
Comunicación e Deseño)

Responsable do servizo web: Manuel Montesinos Miguélez

Fotografía e redes: Rosinha Rojo

Xefe técnico: Xacobo Castro

Loxística: RTA

Montaxe: Saguay

Venda de entradas on-line: <http://ataquilla.com>

Imprenta: Rodi Artes Gráficas

Agradecementos:

EAR Centro Comercial Aberto do Ribeiro, Club Artístico de Ribadavia, Museo do Viño de Galicia, Antonio Amil (Oficina de Turismo de Ribadavia), Rosa Puga (Escola Municipal de Teatro de Ribadavia), persoal do Centro Dramático Galego, Fundación Festa da Istoría, Manuel Araújo Montero (OMIX Ribadavia), todas as persoas que axudastes a buscar material para que as funcións vaian adiante, GRUMIR Ribadavia, Policía Local, Cruz Vermella, persoal do Concello, voluntarios/as da MIT e a todas as persoas que apoian e colaboran na realización da Mostra.

Co agradecemento ao patrocinio de:

VIÑA COSTEIRA

BODEGA



Coa colaboración de:





visita as nosas redes

MIT

🎵 f 📷



mitribadavia.gal 🎵 f 📷

